



AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL E FONDO SOLIDARIO

Para o curso 2016-17 hai tres tipos de convocatorias para axudar a consecución dos libros de texto e material escolar polo alumnado galego de centros públicos, segundo a Orde 27 de abril de 2018 (DOG 16/05/16):

1º) AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de **1º e 2º de educación primaria** e para o de **2º e 4º de educación secundaria**, así como o de **educación especial**

A este alumnado proporcionaráselle un vale para mercar os libros, se cumpren os requisitos esixidos:

PRIMARIA: Até 5.400 € de renda per cápita, un vale de 170 €

De 5.400 € até 9.000 € de renda per cápita, 90 €

E.S.O.: Até 5.400 € de renda per cápita, un vale de 180 €

De 5.400 € até 9.000 € de renda per cápita, 104 €

E.E.: Vale de 250 €.

2º) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de **3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria** e **1º e 3º de educación secundaria**.

Proporcionaráselle ao alumnado os libros de texto que existan no fondo solidario até que se esgoten, en orde inversa á renda per cápita do alumnado.

3º) AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Para todo o alumnado de Primaria e E.S.O que non supere os 5.400 € de renda per cápita, vale por 50 €.

SOLICITUDES:

As solicitudes en papel, entregaranse **no centro docente** (oficina administrativa), nos rexistros oficiais ou por correo, xunto coa documentación correspondente, entre o **17 de maio e o 23 de xuño**, ambos incluídos.

Os impresos de solicitude poderán obterse no centro, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e tamén se poderán descargar na páxina <http://edu.xunta.es>, na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.es>, ou na páxina web do centro.

Cubrirase unha soa solicitude por alumno/a e, se hai varios membros da unidade familiar no mesmo centro, tamén cubrirán un só impreso.

ENTREGA DE LIBROS:

Os libros entregaránse ao alumnado beneficiario do fondo o día de inicio das clases en educación primaria e a partir do 15 de setembro en educación secundaria

A relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro o día 22 de xuño de 2016. Poderase formular reclamación contra a mesma durante o prazo dos 2 días seguintes.

A relación definitiva publicarase polos medios anteriormente mencionados o 14 de xullo para educación primaria e o 15 de setembro para educación secundaria.

DEVOLUCIÓN DE LIBROS:

Os libros do curso actual 2015-16, adquiridos con axudas, devolveránse no centro antes do día 22 de xuño como máximo, agás en educación secundaria aquel alumnado que os necesite para preparar a convocatoria extraordinaria de setembro, que poderá ter o libro que necesite ata o 4 de setembro. O alumnado de 1º e 2º de primaria, non ten que devolvelos por non ser reutilizables.

Tamén se agradece a todo aquel alumnado de primaria e de secundaria que os adquiriu con fondos propios, a súa entrega ao centro para incrementar o Fondo Solidario.

Ares, 19 de maio de 2016.